

MEMÓRIA 21 / 22



EDIUS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

**Escola Internacional de
Doutoramento**

I. INTRODUCCIÓN

Esta memoria contén a actividade desenvolvida na Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (EDIUS) durante o curso académico 2021/2022. Este estivo caracterizado polo retorno total da normalidade académica despois da pandemia da COVID-19, recuperándose a plena actividade presencial do período anterior á pandemia. Isto reflectiuse nun incremento espectacular, por exemplo, das defensas de teses presenciais ou das estadías de investigación do alumnado, tanto estadías entrantes coma saíntes. Malia isto, cómpre tamén sinalar que moitos dos procedementos online ou virtuais postos en marcha nos cursos anteriores para facer viable o funcionamento da EDIUS durante a pandemia mantéñense, de xeito que a Escola e os diferentes colectivos que a integran dispoñen agora dunha maior variedade de ferramentas para realizar as súas funcións.

Neste curso académico 2021/2022 produciuse a desaparición do Programa de Doutoramento (PD) Interuniversitario de Nanomedicina como consecuencia da súa escasa demanda así como a entrada en vigor da modificación da memoria de verificación do PD en Ciencias Agrícolas e Medioambientais, o que implicou o cambio tamén a da súa denominación a PD en Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento, mantendo o seu carácter internacional.

Por outra banda, rematouse a definición e configuración de tres novos Programas de Doutoramento. Dous deles son internacionais, xurdidos ao abeiro do Proxecto europeo POPTEC Universidades Sen Fronteiras (UNISF): o PD de Matemáticas e Aplicacións e o PD de Ciencias Sociais e Envellecemento. No primeiro participan as outras dúas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e todas as universidades da Rexión Norte de Portugal (Universidade do Minho, Universidade do Porto e Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro); en canto ao segundo, participan as mesmas universidades galegas e portuguesas agás a de Minho. O terceiro PD ten carácter interuniversitario nacional: trátase do PD Interuniversitario en Relacións Laborais e Recursos Humanos, no que participan as universidades de Oviedo, Zaragoza e A Coruña. Todos estes programas ofertaranse a partir do vindeiro curso 2022/2023.

Neste curso académico volveuse incrementar a oferta de actividades e de prazas no ámbito da formación transversal da EDIUS. Así, a oferta de formación transversal ofrecida ao alumnado para o curso 2021-22 constou de 29 actividades, das cales 23 xa se impartiran previamente no curso anterior e 6 foron propostas completamente novidasas.

Ademais, ao longo deste curso académico rematáronse as visitas pendentas das comisións avaliadoras de acreditación de varios dos nosos programas de doutoramento

para a renovación da súa acreditación; ademais, recibíronse os informes finais de acreditación dunha parte significativa deles, sendo todos favorables. Este resultado positivo avala a calidade destes programas e constitúe un éxito compartido das súas coordinacións, comisións académicas, estudantes, directores/as, titores/as, persoal docente e investigador, así coma da administración dos programas.

Finalmente, neste curso celebráronse unha nova edición do Encontro da Mocidade Investigadora (o noveno) e as primeiras edicións dos concursos 'A túa tese en 3 Minutos' e 'A túa tese de doutoramento nun fío de Twitter: #HiloTesis', este último coordinado desde a Rede Divulga de CRUE-I+D+i e contando con fases local (USC), galega e nacional.

II. ACTIVIDADE ACADÉMICA

A actividade académica da EDIUS estivo rexida durante o curso académico 2021-2022 polo calendario académico da USC ([calendario académico](#)), aprobado polo Consello de Goberno do 26 de marzo de 2021.



1) OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

No curso 2021/2022 produciuse a eliminación na oferta académica de programas de doutoramento da USC do PD interuniversitario en Nanomedicina, unha vez cumpridos todos os trámites académicos e administrativos, debido a súa escasa demanda durante os últimos anos. Esta escasa demanda pode explicarse por un elevado nivel de coincidencia dunha grande parte das súas liñas de investigación con outras establecidas noutros programas. A meirande parte do profesorado deste programa xa formaba parte do conxunto de persoal docente e investigador de outros, polo que a súa experiencia e saber seguirá a estar a disposición do alumnado de doutoramento actual e futuro.

A eliminación do PD de Nanomedicina da oferta académica implicou que no curso 2021/2022 se ofertasen 55 programas desde a EDIUS, con 855 prazas para alumnado de novo ingreso.

Táboa 1. *Oferta de prazas de novo ingreso nos Programas de doutoramento (PDs) no curso académico 2021/2022.*

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN	Prazas ofertadas	Solicitudes admisión	Solicitudes admitidas	Matrícula
Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	12	14	11	8
Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	9	15	11	9
Ciencia e Tecnoloxía Química	50	25	25	23
Ciencia de Materiais	20	17	17	13
Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	15	16	10	7
Estatística e Investigación Operativa	8	5	4	4
Física Nuclear e de Partículas	30	20	17	16
Láser, Fotónica e Visión	6	5	4	4

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN	Prazas ofertadas	Solicitudes admisión	Solicitudes admitidas	Matrícula
Matemáticas	10	10	6	5
Medio Ambiente e Recursos Naturais	20	18	9	8
Ciencias Agrícolas e Medioambientais	20	33	21	20
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	10	9	3	3
Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	12	10	4	4
Ciencias Odontolóxicas	15	27	15	14
Endocrinoloxía	15	11	6	6
Epidemioloxía e Saúde Pública	15	27	16	14
Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	15	6	3	3
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	14	11	10	10
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	20	24	22	22
Investigación Clínica en Medicina	30	68	30	30
Medicina e Sanidade Veterinaria	16	11	11	11
Medicina Molecular	40	34	27	27
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	18	29	22	22
Ciencias da Visión	6	5	3	3
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	10	16	4	4
Comunicación e Información Contemporánea	20	35	21	19
Dereito	15	43	16	15
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	10	35	11	10
Economía e Empresa	25	77	25	25
Educación	20	39	20	20
Equidade e Innovación en Educación	10	22	11	10
Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	22	24	13	12
Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	10	12	4	4
Análise Económica e Estratexia Empresarial	12	49	9	6
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	12	18	5	5
Turismo	10	21	11	9
Ciencias Sociais e Envellecemento	8	0	0	0
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	21	19	13	12
Enxeñaría Química e Ambiental	15	12	10	9
Investigación Agraria e Forestal	20	16	14	9
Investigación en Tecnoloxías da Información	20	36	16	13
Enxeñaría Termodinámica de Fluídos	2	4	1	1
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	9	3	2	2
Xestión Sustentable da Terra e do Territorio	10	4	0	0
Estudos da Literatura e da Cultura	20	33	20	20

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN	Prazas ofertadas	Solicitudes admisión	Solicitudes admitidas	Matrícula
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	14	21	11	9
Estudios Medievais	13	13	13	13
Filosofía	10	16	11	10
Historia Contemporánea	20	16	13	11
Historia, Xeografía e Historia da Arte	30	45	29	30
Lingüística	10	21	10	7
Lóxica e Filosofía da Ciencia	6	3	1	1
Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	6	4	3	3
Estudios Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	14	19	16	14
Protección do Patrimonio Cultural	5	11	5	4

A información sobre cada un dos programas de doutoramento proporciónase na páxina [web oficial de titulacións](https://www.usc.gal/gl/estudios/doutoramentos) da USC (<https://www.usc.gal/gl/estudios/doutoramentos>). Nela explícanse as condicións de admisión, a organización e actividades formativas propias, as liñas de traballo que se ofrecen ao alumnado e os equipos de investigación que participan no programa, ademais de datos de contacto e outras informacións de interese.



2) NOVOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Durante o curso 2021-2022 avanzouse na posta en marcha de 3 novos programas de doutoramento, que se ofertarán co comezo do curso 2022-23.

- Programa de Doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

Programa Interuniversitario no que participan a Universidade de A Coruña, Universidade de Oviedo, Universidade de Zaragoza e a Universidade de Santiago de Compostela, sendo esta última a coordinadora. O coordinador do Programa e o profesor Jesús F. Salgado Velo. A resolución positiva de posta en marcha do programa confirmouse coa resolución do 27 de xuño de 2022 do Consello de Universidades sobre a verificación da memoria do programa.
- Programas de Doutoramento de Matemáticas e Aplicacións e de Ciencias Sociais e Envellecemento**


Programas Conxuntos Internacionais postos en marcha gracias ao financiamento recibido do Proxecto europeo POPTEC Universidades Sen Fronteiras (UNISF), nos que participan as tres universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e as universidades de Minho, Porto e Tras-os-Montes e Alto Douro.

Por outra banda, ao longo deste curso 2021-22 comezouse a tramitación do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Didácticas das Ciencias Experimentais, no que participan 14 universidades españolas, entre elas a USC, e que será coordinado pola Universidade de Murcia. Na xuntanza do día 3 de marzo do 2022 do Comité de Dirección da EDIUS infórmase sobre este novo programa. Este xurde no seo da Asociación Española de Profesores e Investigadores en Didáctica das Ciencias Experimentais, que conta con membros de Portugal e Iberoamérica. Os distintos ámbitos da Didáctica das Ciencias Experimentais nas universidades españolas intégranse nas diferentes ofertas de estudos de doutoramento e, na USC en concreto, intégrase no PD de Educación. Nese programa hai unha demanda moito máis elevada que a oferta dispoñible polo que existen dificultades para encaixar certos perfís tales como o da divulgación e a comunicación da ciencia. O PD ofertaría 5 prazas por ano, servindo para complementar a oferta do PD de Educación. O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do día 22 de xullo do 2022, autorizou o inicio da elaboración da memoria de verificación.

1) ALUMNADO DE DOUTORAMENTO MATRICULADO

No curso 2021/2022 matriculáronse na USC 2652 estudantes de doutoramento con matrícula ordinaria, máis 100 de estadía, o que fai un total de 2752; deste número, 593 foron de primeira matrícula. Xa que logo, confírmase un minúsculo descenso da matrícula nos programas de doutoramento unha vez desaparecido o efecto estatístico da subida do número de estudantes derivado da matrícula do alumnado de doutoramento que iniciara a súa tese en programas anteriores ao RD99/2011 (Figura 1).

Figura 1: Doutorandos/as matriculados por curso académico.



Por ramas de coñecemento (Figura 2) as de Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñarías son as que tiveron máis alumnado con matrícula ordinaria, con 855 e 663, respectivamente

mentres que as grandes áreas Ciencias Sociais e Xurídicas (618) e Artes e Humanidades (516) experimentaron un moi leve descenso na súa matrícula respecto ao curso académico anterior. En relación ao alumnado de primeira matrícula, outra volta o máis numeroso é o das áreas de Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñerías (174 e 158, respectivamente), mentres que Ciencias Sociais achegou 139 e Artes e Humanidades 122.

Figura 2. Doutorandos/as matriculados por curso e rama de coñecemento.





Figura 3. Procedencia dos doutorandos/as matriculados



A proporción de estudantes de doutoramento estranxeiros continuou o seu avance principalmente grazas á redución das restricións á mobilidade tras a pandemia de COVID19, sumando xa 809 alumnos/as, o que representa xa o 30,5% do total de


estudantes de doutoramento matriculado: isto converte a EDIUS no Centro con maior presenza destes estudantes na USC. Tamén é moi positivo que a proporción de estudantes estranxeiros estea ben por enriba da media española, que é do 25 aproximadamente.

Entre o alumnado estranxeiro o grupo máis numeroso é o orixinario de Portugal (149 estudantes), seguido do de Ecuador (71), Brasil (55), México (52), Colombia (42), Xordania (31), Italia (24) e China (22). O alumnado estranxeiro cursa sobre todo programas das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias e Enxeñaría; no primeiro caso, procede fundamentalmente de Portugal e Iberoamérica mentres que no segundo a procedencia é máis diversa xa que depende das relacións e convenios internacionais dos programas de doutoramento.

Os datos do tipo de dedicación (Figura 4) dos doutorandos/as indican que no curso 2021/2022 un 64,5% realizaban os seus estudos de doutoramento a tempo completo (1710 estudantes) e o 32,8% a tempo parcial (870), mentres que o resto mantiña unha dedicación de tipo mixto (72), situándose o tempo de duración promedio dos estudos de doutoramento en 4 anos 11 meses e 27 días. No cómputo están incluídos os estudantes a tempo completo e parcial, de aí a duración relativamente longa para cursar con éxito os estudos de doutoramento.

Desde a EDIUS séguese a poñer moita énfase en que o alumnado elixa con coidado a modalidade de dedicación, especialmente aquel que fai a tese sen financiación e combinándoa con outra actividade. Para este tipo de alumnado semella máis acaída a modalidade a tempo parcial, sempre e cando cumpra os requisitos establecidos a tal fin no Regulamento de Estudos de Doutoramento, xa que dita modalidade permite facer a tese en 5 anos (máis a posibilidade das prórrogas contempladas no RD99/2011).


Figura 4. Evolución da realización da tese a tempo completo e a tempo parcial.



2) TESES DE DOUTORAMENTO DEFENDIDAS

Desde o inicio do curso 2016/2017 defendéronse na USC 1576 teses de doutoramento. O seguinte gráfico representa a súa evolución e distribución por rama de coñecemento (Figura 5).

Figura 5. Teses defendidas por curso e rama de coñecemento.



No curso 2021/2022 defendéronse 360 teses de doutoramento. As realizadas en modalidades especiais (en cotutela, con mención internacional ou mención industrial) supoñen o 35,8% do total, sendo a maioría teses que optan á mención internacional (123, 34,2%). Debido á recuperación progresiva da normalidade despois da pandemia de COVID-19, as defensas presenciais xa foron maioritarias, defendéndose así 248 das 360 teses presentadas no curso 2021/2022, o 68,9% del total. Cómpre recordar, en todo caso, que a defensa non presencial mantense como alternativa para facilitar as configuracións e dispoñibilidade dos tribunais, e flexibilizar o acto de defensa en si mesmo.

Por outra banda, no curso 2021/2022 defendeuse 1 tese con mención industrial pero a Comisión Executiva da EDIUS deu o visto e prace a 9 novas solicitudes, o que hai que valorar moi positivamente porque amosa o crecente interese do alumnado por este tipo de tese. Entre as empresas coas que se asinaron convenios neste curso académico destacan Ferrovial, Biostatech, MD. Innovations, BFLow, Celtarys Research, etc.

3) PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

Neste curso académico 2021/2022 convocáronse os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso 2019/2020. Segundo a proposta definitiva aprobada no Consello de Goberno de 28 de abril de 2022, para o curso 2019/2020 concedéronse 31 premios co seguinte reparto: 10 na rama de Ciencias da Saúde, 6 na de Ciencias, 7 na de Artes e Humanidades, 5 na de Ciencias Sociais e Xurídicas, e 3 na de Enxeñaría e Arquitectura. A relación completa dos e das premiadas pode consultarse na nosa páxina [web](#).



III. FORMACIÓN

1) ACTIVIDADES TRANSVERSAIS

A oferta de actividades transversais da EDIUS, tanto as xerais como aquelas máis dirixidas a unha grande área de coñecemento en concreto, enfócase para facilitar ao alumnado a adquisición das competencias, habilidades e destrezas necesarias para participar de xeito activo na sociedade do coñecemento e desenvolverse con éxito nun mercado de traballo complexo e cambiante. Durante o curso académico 2021/2022 consolidáronse os diferentes módulos nos que se estrutura esta oferta (Táboas 2 e 3):

Táboa 2. *Actividades formativas transversais xerais ofertadas pola EDIUS para alumnado dos programas de doutoramento.. Curso 2021/2022.*

ACTIVIDADES TRANSVERSAIS XERAIS			
MÓDULO 1 Competencias en información e recursos	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Recursos e fontes de información para a investigación (1ª edición)	35	35	1
Publicar os resultados da investigación, visibilidade e impacto	30	30	29
Como escribir un artigo científico	100	23	0
Látex	100	12	0
Becoming a scientific writer: Putting why? Before how?	35	35	22
Deseño e preparación de presentacións	20	20	9
A publicación e avaliación de libros na carreira académica	200	97	0
Ferramentas dixitais de apoio para desenvolver artigos científicos	20	18	0

MÓDULO 2 Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (1ª edición Santiago)	12	12	18
Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (2ª edición Santiago)	16	11	0
Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (Lugo)	12	5	0
How to improve your scientific presentations	25	23	35
Divulgación e visibilidade social da investigación	46	41	0
Deseño e edición de materiais para presentacións escritas	21	21	11
MÓDULO 3 Competencias en investigación, innovación e transferencia	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Como preparar unha carreira académica	110	106	1
O proceso de acreditación de ANECA na carreira académica	200	112	0
As patentes como elemento de valor estratéxico: Ciencias e Enxeñaría	34	34	0
Propiedade industrial e transferencia de tecnoloxía	20	20	0
Saídas profesionais fóra do laboratorio académico. Que facer co meu doutorado?	100	100	0
Como transferir a miña tese á sociedade? Formación en habilidades innovadoras (Santiago)	20	18	0
Como transferir a miña tese á sociedade? Formación en habilidades innovadoras (Lugo)	16	8	0
MÓDULO 4 Tratamento e modelización da información territorial	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Tecnoloxías de análise de información xeo-espacial para a investigación.	38	34	0
Análise e visualización de datos espaciais con R	20	20	13
Introdución á xeostatística en R	20	13	0
Introdución á análise espacial e á econometría espacial con R	20	14	0
Introdución ao manexo de imaxes espaciais e a súa aplicabilidade ambiental	20	17	0
MÓDULO 5 Competencias en análise de datos e modelización	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Bloque Básico			
Introdución a R, estatística e visualización	20	17	0
Introdución a R (Lugo)	20	17	0
Estatística científica con algoritmos de R	20	11	0

Introdución á regresión	20	19	0
Introdución á programación de análises empíricos con R	55	52	3
Bloque avanzado (Programados en R)			
Ferramentas de estatística non paramétrica	20	19	3
Bases de datos			
Base de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas	20	20	25
MÓDULO 6 Competencias en perspectiva de xénero, ética e igualdade na I+D+i	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento	20	19	6
A integridade e a ética e na investigación	47	46	0
Lóxica e argumentación en ciencia	100	46	0
MÓDULO 7 Outros	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
<i>Teambulding</i> : Aprendendo de xeito activo a traballar en equipo (Santiago)	10	10	11
<i>Teambulding</i> : Aprendendo de xeito activo a traballar en equipo (Lugo)	10	9	0

Entre as actividades formativas transversais sectoriais tamén se atopan actividades específicas anteriormente realizadas por algún PD para o seu alumnado que despertaron un elevado interese no doutros programas polo que se decidiu integralas nunha oferta máis global, coas adaptación de contidos pertinentes, para que esta formación chegase ao maior número de doutorandos/as interesados/as.

Táboa 3. Actividades formativas transversais sectoriais ofertadas pola EDIUS durante o curso 20201/2022 para os/as doutorandos/as.

CIENCIAS E ENXEÑARÍAS			
MÓDULO 3 Competencias en investigación, innovación e transferencia	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Deseño e análise de experimentos	ND	ND	ND
MÓDULO Seminarios e conferencias de Ciencias e Enxeñarías	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Conceptos básicos en Control Óptimo de Sistemas Discretos: Aplicación ao adestramento dunha Rede Neuronal Artificial	ND	ND	ND

Non-linear Schrödinger Equations in optics and coherent wave systems	ND	ND	ND
Aplicación del láser de femtosegundo a la modificación superficial de Titanio para implantes	ND	ND	ND
Fabricación de dispositivos ópticos con láser	ND	ND	ND
Nanoscopy, Metabolic Imaging and Intracellular Sensing based on Nanophotonics and Nonlinear Microscopy approaches	ND	ND	ND
Industrial wastewater treatment, from basic concepts to case studies	ND	ND	ND
Sobre los sesgos inductivos en el aprendizaje científico automático	ND	ND	ND
Analytical and Numerical Solutions for a Contact Problem	ND	ND	ND
Descomposición en modos dinámicos (DMD) y operador de Koopman	ND	ND	ND
Coupled Thermo-Mechanical Analysis of Structures using Finite Element Method	ND	ND	ND
Radiative Transfer in a Fluid: from Mathematical Analysis to Numerical Simulations	ND	ND	ND
Dynamic mode decomposition-like methods and applications	ND	ND	ND
Deep neural networks as a method to solve estimation problem of acoustic wave propagation in poroelastic media	ND	ND	ND
Surveillance and monitoring of the health status of aquaculture and wild populations	ND	ND	ND
ENERXÍA LIMPA: Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables	ND	ND	ND
Enhancement of Mechanical Properties of low carbon Steel via Carburization Process using Residual Carbon Black, Peat, and Date Seeds	ND	ND	ND
Effective Wastewater Treatment using Advanced Oxidation Process Combined with Magnetic Nanoparticle Setup	ND	ND	ND
Numerical Solutions of Fokker-Planck Type Kinetic Equations Using Finite Difference Methods	ND	ND	ND
CIENCIAS DA SAÚDE			
MÓDULO Seminarios e conferencias de Ciencias da Saúde	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Seguridade Alimentaria e Materiais en Contacto con Alimentos	ND	ND	ND

ARTES e HUMANIDADES - CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS			
MÓDULO 2 Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Redacción de textos académicos: aspectos estilísticos, editoriais e de propiedade intelectual	50	50	31
Socimetría: A Análise de Redes Sociais como unha técnica diferente para realizar investigacións	35	34	0
MÓDULO 5 Competencias en análise de datos e modelización	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Basic Course Statistics in SPSS (Application on Social Science and Humanities)	21	18	1
Basic Course Statistics in SPSS (Application on Social Science and Humanities)	20	7	0
Investigación cualitativa con el software de análisis de datos ATLAS.ti	20	18	0
Research and Getting it Published	21	20	0

ND: Non dispoñible

Durante este curso académico 2021/2022 a EDIUS tamén seguiu a ofertar un pequeno número de actividades de formación destinadas ao profesorado dos programas de doutoramento (ver Táboa 4) e, en particular, para titores/as e directores/as de tese, focalizada en aspectos asociados á xestión dos recursos e equipos de traballo e a elaboración de materiais e contidos dixitais para a docencia e investigación. A intención da Escola é ampliar esta oferta nos vindeiros cursos académicos incluíndo nova formación sobre propiedade intelectual en grupos de traballo, xestión e resolución de conflitos, xestión do tempo e do estrés, etc.

Táboa 4: Actividades formativas ofertadas pola EDIUS durante o curso 2021/2022 para profesorado dos programas de doutoramento.

ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA PROFESORADO DOS PROGRAMAS	Prazas ofertadas	Matricula	Lista de agarda
Taller de xestión de Equipos	20	8	0
De directores e directoras de tese a referentes. Habilidades de liderado e xestión de equipos (Santiago)	26	26	0
De directores e directoras de tese a referentes. Habilidades de liderado e xestión de equipos (Lugo)	20	1	0

En total, para as actividades formativas nas que foi necesario realizar un proceso oficial de matrícula ofertáronse un total de 1905 prazas e cubríronse 1365, o que supón unha participación do 71,7%, lixeiramente inferior á do curso anterior 2020/2021. É importante tamén salientar que todas as actividades ofertadas son gratuítas para o alumnado de doutoramento, xa que son financiadas co presuposto da EDIUS.

2) IX ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA

O IX edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) tivo lugar entre os días 20 e 22 de xuño en Santiago de Compostela, en modalidade presencial de novo. As xornadas tiveron como obxectivo favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado polos doutorandos/as, non só da USC senón tamén das outras universidades galegas. Neste Encontro participaron máis de 100 estudantes de doutoramento pertencentes ás 3 universidades galegas e de todos os ámbitos de coñecemento. Contouse, ademais, cunha importante participación de alumnado de Portugal e Latinoamérica que está a desenvolver os seus estudos na USC. Presentáronse un total de 62 comunicacións orais e 29 comunicacións tipo póster e concedéronse catro premios ás mellores comunicacións orais, máis outros dous ás mellores comunicación tipo póster.

3) I CAMPUS DE INVERNO SOBRE PROCESOS DE ACREDITACIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS

A Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), en colaboración coa Asociación de Investigadoras/es AgroMar do Campus de Lugo, puxo en marcha na segunda quincena de xaneiro de 2022 o I Campus de Inverno cun breve curso sobre o proceso e os requisitos de acreditación e a valoración de méritos no que participaron a directora da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), Mercedes Siles Molina; Toni Martínez, presidente do Comité Avaliador de Ensinanzas Técnicas no Programa PEP; e a directora do Centro de Ciencias Humanas e Sociais no Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Elena Giménez Toledo. Máis de 125 persoas asistiron a esta actividade. O curso foi unha experiencia piloto de formación para mozos e mozas investigadoras sobre os pormenores da carreira académica. O proxecto levouse a cabo presencialmente na Facultade de Veterinaria do Campus de Terra ademais de online a través da plataforma MS TEAMS. É unha iniciativa pioneira coa que se pretende explicar á xente máis nova cal é o desenvolvemento da carreira académica e investigadora a través do coñecemento detallado dos programas e das actividades de acreditación e avaliación da Axencia.

A intervención de Mercedes Siles centrouse nos procesos de avaliación de calidade docente e investigadora de ANECA, especialmente no programa PEP no que se avalían as actividades docentes e investigadoras, e na formación académica dos solicitantes para o acceso ás figuras de profesor universitario contratado (profesor contratado doutor, profesor axudante doutor e profesor de universidade privada) establecidas na LOMLOU. Toni Martínez encargouse de explicar os pormenores do proceso e os criterios de acreditación. Por outra banda, Elena Giménez impartiu un curso focalizado no libro como soporte de difusión científica, as bases de indexación de editoriais e o papel do libro nos procesos de avaliación da carreira investigadora.

4) CONCURSO DE TESES EN 3 MINUTOS (3MT)

A EDIUS puxo en marcha a primeira edición do Three Minute Thesis (3MT®), un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas de coñecemento. Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008, 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes. Esta competición reta aos estudantes de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo que teñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

Preto de 20 doutorandos e doutorandas da USC enviaron os seus vídeos para participar neste certame. A selección dos vídeos finalistas estivo a cargo dun comité académico conformado polos subdirectores e subdirectorías da EDIUS e por dous profesores da USC que se encargaron de elixir un máximo de 12 vídeos, 3 por cada grande área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñaría; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorreron a unha Gran Final celebrada o día 27 de xuño. Os cinco Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada grande área, foron adxudicados a:

- Ciencias da Saúde: **Irene Ortiz Leal**. PD en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias.
- Enxeñaría e Arquitectura: **Fernando Estévez Casado**. PD en Investigación en Tecnoloxías da Información.
- Ciencias Sociais e Xurídicas: **Sara Calvete Lorenzo**. PD en Comunicación e Información Contemporánea.
- Ciencias: **María Moreno Pérez**. PD en Ciencia e Tecnoloxía Química.
- Artes e Humanidades: **Jamila Farajova**. PD en Lingüística.

5) CONCURSO 'A TÚA TESE NUN FÍO DE TWITTER'

A USC convocou a segunda edición do concurso '*A túa tese de doutoramento nun fío de Twitter: #HiloTesis*', unha iniciativa que ten como obxectivo promover a actividade divulgadora entre o estudiantado de doutoramento. O concurso, unha proposta da Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga) de CRUE, pretende que os/as participantes divulguen as súas teses de doutoramento nun fío de non máis de 20 tuits coas limitacións e posibilidades que ofrece esta rede social.

Esta iniciativa quere promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores e doutoras. O obxectivo é que aqueles investigadores ou investigadoras en formación, tanto se finalizaron o traballo de doutoramento nos últimos 6 meses como se o están aínda a desenvolver, poidan contar

á sociedade o que fan, como o fan e por que. Para iso, propónse a elaboración dun fío en *Twitter* adaptando o contido da tese a unha linguaxe sinxela, accesible e atractiva.

O concurso celebrouse entre os días 19 e 30 de abril de 2022 e contou coa participación de 21 estudantes de doutoramento da USC. O concurso contaba inicialmente con dúas categorías: unha xeral, con tres premios, e outra para investigacións relacionadas coa inclusión e discapacidade cun premio adxudicados por un xurado nacional proposto por RedDivulga, entregando a USC un premio en cada categoría en caso de que algún dos/as estudantes participantes fose seleccionado e galardoado.

Unha vez recibidas todas as propostas, o xurado da Universidade, composto polos subdirectores e subdirectorías da EDIUS e por dous profesores, tivo que elixir un dos fíos de *Twitter* para enviar á fase galega. A decisión final foi adoptada case por unanimidade. O chío ganador resultou o de Alejandro Gómez-Pazo (@lex_gom), xeógrafo e doutor pola Universidade de Santiago de Compostela, que estudou a evolución da costa galega na súa tese de doutoramento.

Na seguinte fase, había que valorar a calidade, características e contidos dos fíos enviados das tres universidades galegas (USC, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña), así como a súa adecuación ás bases do concurso. Desta volta, o xurado decidiu tamén que o fío gañador fose o de Alejandro Gómez-Pazo.

Finalmente, a CRUE anunciou a través da súa conta de *Twitter* o fallo do xurado desta segunda edición do concurso de divulgación científica, na que resultaron gañadores catro estudantes das universidades de Valladolid, Complutense de Madrid, Extremadura e Girona.

6) GRADUATION DAY

Os días 19 e 20 de maio de 2022 celebrouse na Facultade de Filoloxía o *Graduation Day*, evento organizado anualmente polo Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados que rota a celebración das xornadas entre as sedes das tres universidades galegas que participan no título. Trátase dunhas xornadas de interese para alumnado dos programas de Humanidades nas que se convida a académicos/as a impartiren conferencias de interese xeral sobre novos eidos na investigación humanística e as súas correspondentes metodoloxías, así como a informar sobre aspectos da carreira universitaria.

Os poñentes convidados este ano foron o profesor da Universidade da Laguna e avaliador da ANECA, Juan Ignacio Oliva Cruz, quen ofreceu unha serie de '*Consideracións curriculares para a obtención da acreditación a figuras de Axudante Doutor e Contratado Doutor*'; a profesora da Universidade das Illas Baleares Cristina Suárez Gómez, quen impartiu a conferencia que levou por título "*Doing research on World Englishes: theoretical and methodological considerations*" e a profesora da Universidade de Oviedo

Luz Mar González Arias, coa conferencia *“Investigar desde espacios fronterizos, o la interdisciplinariedad como práctica académica: Las Humanidades Médicas”*.

O programa completouse cunha mesa redonda na que doutorandos/as noveis e doutores/as egresados/as compartiron a súa experiencia como estudantes do programa de doutoramento. Tamén se organizaron sesións para que estudantes de doutoramento puidesen expor a través de breves intervencións os seus proxectos de investigación e os avances no desenvolvemento das súas teses.

IV. DIFUSIÓN, COMUNICACIÓN E TRANSPARENCIA

No tocante á información pública e transparencia, a Escola de Doutoramento continúa na liña de mellora dos últimos cursos. É unha prioridade deste equipo directivo potenciar e mellorar a visibilidade da EDIUS. Consideramos esencial facer chegar á comunidade relacionada co doutoramento (doutorandos/as, egresados/as, directores/as, titores/as, etc.) calquera información que poida resultar do seu interese. Polo tanto, é preciso manter actualizada a *web* da Escola e a dos seus Programas de doutoramento e xestionar as redes sociais e demais canles informativos da EDIUS procurando a máxima difusión e dinamismo das súas actividades, eventos, noticias, etc. Por iso, no curso académico 2021/22 desenvolvéronse as seguintes actuacións:

1) BOLETÍN ELECTRÓNICO DA EDIUS

Ao longo do curso académico 2021/22 continuouse coa elaboración e publicación de nEDIUS, o boletín electrónico da Escola (11 números).



2) CANAL DE YOUTUBE DA EDIUS E ELABORACIÓN DE VÍDEOS INFORMATIVOS

Neste curso académico, a EDIUS impulsou unha canle propia de *YouTube* para transmitir información e novidades sobre o funcionamento desta escola. A EDIUS ademais elaborou unha primeira serie de vídeos nos que se presenta a escola, os campus da USC e se explican as actividades formativas da escola, as diferenzas entre a figura do/a titor/a e director/a, os tipos de teses existentes, así coma o doutoramento industrial na USC. Todos estes vídeos atópanse dispoñibles no [canle de Youtube](#) da EDIUS.



3) MANTEMENTO DO LINKEDIN DA EDIUS

No curso 2021/22 mantívose este perfil en redes sociais, publicando material e información de utilidade sobre os estudos de doutoramento na USC e todas as actividades da EDIUS realizadas ao longo deste curso académico.



4) ACTUALIZACIÓN DA WEB DA ESCOLA

Durante este curso académico produciuse unha renovación completa da páxina *web* da EDIUS tanto a nivel de imaxe como de contidos, de acordo coas directrices de comunicación global da USC e culminando o proceso de adaptación á estratexia comunicativa dixital da universidade e dos seus contidos aos novos tempos e aos milleiros de persoas que diariamente fan uso desta ferramenta. A nova páxina *web* pretende permitir un acceso máis sinxelo e visual á información, facendo a navegación moito máis sinxela para os dispositivos móbiles. Do mesmo xeito, tamén se procedeu a unha revisión e actualización de todos os impresos e formularios e completouse a tradución ao inglés da información pública contida na *web*.

En canto á información dos programas de doutoramento, tamén se desenvolveron as páxinas *web* institucionais para cada programa. Estas deben contar coa información pública que establecen as indicacións da Axencia para a Calidade do SUG (ACSUG). Entre outros aspectos, salienta a información sobre a oferta e admisión, actividades formativas, complementos de formación, liñas de investigación, obxectivos e competencias, recursos materiais e teses defendidas, por citar os máis sobresaíntes.

Da man desta renovación estética, funcional e operativa, creouse unha *intranet* tamén na *web* da Escola que contribúe, entre outros obxectivos, a mellorar a comunicación interna, a xestión documental e de procedementos. A introdución da *intranet* permite crear un novo ámbito de difusión da información que aproveita as vantaxes da nube empregando ferramentas familiares na xestión de contidos e totalmente integradas co uso de dispositivos móbiles. En particular, nesta *intranet* iniciouse este curso o deseño dun modelo de páxina *web* privada para os programas de doutoramento onde poidan recoller información adicional de interese.



5) COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

A EDIUS continuou na liña de mellora da información e comunicación pública. Coidouse especialmente a comunicación interna co alumnado, cos directores/as de tese e as coordinacións dos programas de doutoramento a través das listas específicas de distribución de correo electrónico do alumnado, dos perfís autorizados e dos programas de doutoramento mediante as que se informou de cuestións relevantes como prazos de presentación de compromisos de supervisión e plans de investigación, avaliacións anuais, cambios en diversos procedementos académicos e administrativos, convocatorias diversas, etc.

Tamén se traballou nunha mellora continua da organización da información pública dispoñible na páxina *web* da EDIUS (por exemplo, coa incorporación dun apartado de preguntas frecuentes, outro dedicado a calidade e estatísticas, mellora da información sobre actividades formativas, etc.) para facela o máis completa posible e que sirva de referencia informativa para todos os temas relacionados cos estudos de doutoramento.

V. INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE

1) DATOS DA INTERNACIONALIZACIÓN DA EDIUS

A EDIUS desenvolve un intenso labor para favorecer a internacionalización dos estudos de doutoramento. Isto reflíctese, en primeiro lugar, no xa comentado aumento do número de doutorandos/as estranxeiros (Figura 3).

Esta crecente internacionalización da Escola tamén se reflicte no incremento do número de investigadores/as estranxeiros que dirixen teses ou que forman parte dos tribunais para a súa defensa (Táboa 5).

Táboa 5. *Evolución do número de directores/as de teses e de persoal experto do estranxeiro en tribunais de teses.*

Curso académico	Directores/as de Tesis ¹	% Directores/as de tese estranxeiros	Número expertos/as estranxeiros	% persoal experto estranxeiro ²
2016/17	345	7,25	65	18,2
2017/18	478	7,74	117	18,7
2018/19	727	8,94	174	19,5
2019/20	1008	9,03	121	15,5
2020/21	1267	9,39	176	17,8
2021/22	1564	11,06	179	16,6

¹Calculado o número sen considerar se ser dirixe a mais dun doutorando/a.

²Calculado sobre o número total de membros de tribunais.

Outro elemento básico de promoción da internacionalización é a realización de teses en cotutela. Esta modalidade permite ao noso alumnado efectuar parte da súa investigación nunha universidade estranxeira e ao alumnado estranxeiro desenvolver parte da súa investigación na USC. A cotutela supón que o doutorando/a terá unha persoa responsable da dirección da súa tese en cada unha das dúas Universidades participantes na cotutela, debendo realizar unha estadía de como mínimo seis meses de duración en cada unha delas. Neste curso 2021/2022 defendéronse 5 teses en cotutela. A Táboa 6 amosa a evolución do número de teses defendidas na modalidade de cotutela desde o curso 2016/2017.

Cada cotutela de tese desenvólvese no marco dun convenio específico entre as dúas Universidades participantes, conforme ao principio de reciprocidade. En virtude do convenio, cada institución recoñecerá a validez da tese de doutoramento defendida nese marco. Aínda que se formalizaron convenios con universidades de numerosos países, son clara maioría as cotutelas con universidades iberoamericanas. Actualmente, estase a axilizar o proceso que implica unha tese en cotutela, establecendo un procedemento que pretende ser claro e áxil e que teña á EDIUS como único interlocutor ata o momento da sinaturado convenio.

Táboa 6. *Teses en cotutela defendidas na USC.*

Curso	Total	Artes e Humanidade	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias Experimentais e Enxeñarías
2016/17	0	0	0	0	0
2017/18	2	0	2	0	0
2018/19	2	1	1	0	0
2019/20	2	1	1	0	0
2020/21	8	1	3	0	4
2021/22	5	3	0	2	0

A realización de estadías en centros de investigación estranxeiros é outra importante vía de internacionalización. Por iso, paga a pena salientar o aumento notable das teses con mención internacional no título de doutor (Táboa 7). Para conseguir esta mención os/as doutorandos/as deben realizar unha estancia mínima de tres meses fora de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. Ademais, a tese deberá ser informada por un mínimo de dous expertos de institucións académicas non españolas e deberá contar con algún membro experto estranxeiro no tribunal que a xulgue.

Táboa 7. *Teses con mención internacional defendidas na USC.*

Curso	Total	Artes e Humanidade	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias Experimentais e Enxeñarías
2016/17	44	7	10	8	18
2017/18	77	9	21	8	39
2018/19	100	15	21	14	50
2019/20	107	28	26	13	40
2020/21	105	18	32	18	37
2021/22	123	20	35	17	51

Como consecuencia da superación da pandemia de COVID-19 as estadías de investigación presenciais recuperaron o seu protagonismo neste curso académico, véndose relegadas as estadías non presenciais a casos moi concretos e específicos nos que as condicións

sanitarias dos países de destino non permitían que as estadias se realizasen, estas non puidesen ser aprazadas por circunstancias propias do desenvolvemento das teses e non existisen centros alternativos de destino con persoal experto de recoñecido prestixio no tema da tese para realizar o traballo de investigación. Desde mediados de abril de 2022, a EDIUS decidiu que a situación sanitaria xa non xustificaba as estancias non presenciais para optar á mención internacional do título de doutor/a.

1) CONVOCATORIAS DE MOBILIDADE

As convocatorias de axudas á mobilidade, ferramenta esencial para a internacionalización dos estudos de doutoramento, efectuáronse con relativa normalidade, se ben o desenvolvemento das estadias dependeu das circunstancias específicas dos países de destino.

Así, convocáronse as bolsas de mobilidade para estudos de doutoramento ao abeiro do Programa Erasmus+ International Credit Mobility (KA107) para o curso académico 2021/2022 e 2022/2023. A data límite para estas convocatorias foi o 31 marzo de 2022, no caso das bolsas para o curso 2021/2022. A finalidade destas axudas é ofrecer ao alumnado de doutoramento a posibilidade de realizar estadias nas universidades participantes no Programa Erasmus+ KA107 coas que a USC ten convenio asinado. Estas universidades están situadas en: Angola, Bosnia, Cabo Verde, China, Colombia, Xeorxia, Irán, Moldavia e Senegal. Os/as doutorandos/as realizan unha estadia de investigación para desenvolver un proxecto avalado polo/a seu director/a de tese. A mobilidade debe ter unha duración mínima de 3 meses e máxima de 5, debendo estar rematada antes do 30 de xullo de 2023. En particular, neste curso académico 10 estudantes fixeron unha estadia na USC ao abeiro deste programa en países como Cabo Verde, Colombia, Irán, Xapón e Líbano.

Comentar tamén que dentro deste Programa a USC recibiu neste curso académico 2020/2021 a 57 estudantes de doutoramento de países como Ucraína, Siria, Túnez, Senegal, Rusia, Moldavia, Malasia, Xeorxia, Exipto, Arxelia, Mali, Níxer, Xapón, Bosnia, ou Irán.

Por outra banda, o 18 de xuño de 2021 convocáronse tamén as bolsas de mobilidade dentro de Programa Erasmus+ (KA103) para o alumnado de doutoramento da USC para a realización de estadias en países da UE e asociados durante o curso académico 2021/2022 cunha duración de ata máximo 12 meses. Neste curso académico, 12 estudantes da USC fixeron estadias de investigación dunha duración de entre 2 e 5 meses en países como Suecia, Hungría, Portugal, Dinamarca, Noruega, Finlandia, Italia, Países Baixos ou Austria. Ademais, recibíuse un doutorando italiano na USC ao abeiro deste programa.

Na convocatoria 2021-2022 para estadias de investigación e de prácticas ao abeiro do Programa Iacobus de cooperación e intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensinanza superior da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal - Profesores;

Investigadores; Persoal de Administración e Servizos (PAS), concedéronse 11 axudas a estudantes da USC para facer estadias en institucións educativas e centros de investigación de Portugal, mentres que a USC recibiu 6 estudantes de doutoramento portugueses.

Outros programas de mobilidade aos que se presentaron estudantes de doutoramento da USC para realizar estadias no estranxeiros foron, por exemplo, as axudas de mobilidade da Embaixada de Francia; as bolsas de estudo e investigación en Xapón (Kenkyu) ou as axudas Fundación José Otero convocadas pola EDIUS e financiadas por esta fundación, que permitiron que 28 estudantes da USC disfrutaran dunha axuda económica para realizar a súa mobilidade nacional/internacional.

Por outra banda, dentro do convenio asinado entre a USC e a Fundación Carolina, unha estudante colombiana acadou unha das 35 becas que a devandita fundación outorga para desenvolver os estudos de doutoramento en universidades españolas. Esta estudante comezará o seu doutoramento na USC en setembro de 2022. Ademais, a USC chegou a un acordo coa Fundación Carolina para incrementar o número máximo de becarios na nosa institución ata catro.

Estas e outras convocatorias de mobilidade, de curta e longa duración, explícanse nun apartado da *web* da Escola sobre [Convocatorias e axudas](#).



VI. NORMATIVA

Neste curso 2021/2022 producíronse as seguintes incorporacións e actualizacións de diversos aspectos normativos:



1) SISTEMA DE GARANTÍA INTERNO DE CALIDADE DA EDIUS

Este curso académico estreouse coa revisión, modificación e entrada en vigor do Sistema de Garantía Interno (SGIC) da EDIUS tras a aprobación do Manual do SGIC e o Manual de Procesos da EDIUS pola Comisión Delegada do Consello de Goberno de Planificación e Calidade o día 6 de outubro de 2021.

O SGIC da EDIUS contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia EDIUS e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos implicados.

A posta en marcha do SGIC era o requisito primordial para que a EDIUS poida optar á acreditación institucional e, dese xeito, poder centralizar os procesos de seguimento e acreditación dos seus programas de doutoramento.

2) MODIFICACIÓNS/ACLARACIÓNS DA NORMATIVA

2.1. EQUIVALENCIA DO TÍTULO DE DOUTOR/A

O 21 de xaneiro de 2022 aprobouse unha nova resolución reitoral que regula o procedemento de equivalencia a nivel académico do título de doutor/a na USC e deroga a anterior resolución de marzo de 2006. A concesión da equivalencia acreditarase mediante o correspondente certificado de equivalencia expedido pola universidade que a outorgue, e nel farase constar o título estranxeiro posuído pola persoa interesada e a universidade de procedencia. A equivalencia poderase solicitar de maneira simultánea en máis dunha universidade.


VII. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1) XORNADAS DE BENVIDA AO ALUMNADO

Neste curso 2021/2022 celebráronse dúas xornadas de benvida e información ao alumnado de doutoramento tras finalizar os prazos de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento.

A primeira xornada tivo lugar o 20 de outubro de 2021 e a segunda o 17 de marzo de 2022 en formato presencial no edificio CIEDUS no Parque de Vistalegre con posibilidade de conexión vía plataforma TEAMS para o alumnado que non podía asistir en persoa. Nestas sesións, ademais de presentar a estrutura organizativa e funcións da EDIUS, fíxose un repaso dos trámites académico-administrativos que o alumnado debe realizar ao longo do proceso de elaboración da súa tese e achegouse información relacionada cos tipos de teses, prazos para a súa presentación, o papel dos directores/as, titores/as, etc.

Ademais, aclaráronse todas as dúbidas expresadas polas persoas participantes sobre diversos procedementos e actividades académicos.



2) XUNTANZAS CON OUTRAS INSTANCIAS UNIVERSITARIAS

A imaxe institucional da EDIUS segue a fomentarse en todos os actos nos que participa o equipo de dirección. Este, representado polo seu director, mantivo reunións semanais coa Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización onde se despacharon todas as cuestións relacionadas cos estudos de doutoramento, así como con outros membros do Equipo de Goberno da Universidade, tales como o Reitor, o Vicerreitor de Política Científica, o Adxunto de Calidade, a Adxunta de Internacionalización, a Secretaria Xeral, etc., tratando diversos temas de interese para a Escola nos ámbitos dos respectivos vicerreitorados.

3) XUNTANZAS CON REPRESENTANTES E ASOCIACIÓN DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO

Aparte da propia renovación das representacións electas do alumnado de doutoramento no Comité de Dirección da EDIUS por mor das baixas derivadas das defensas de tese dalgúns persoas que exercían esa representación, durante este curso académico seguíuse a potenciar o contacto e a relación co alumnado de doutoramento por medio de diversas xuntanzas entre a dirección da EDIUS e o grupo de representantes e a asociación dos doutorando/as. Nelas tratáronse diversas cuestións como a mellora da oferta formativa transversal organizada pola EDIUS; a das axudas para estadias e congresos; o apoio da EDIUS para que o alumnado poida dispor dos medios necesarios para o desenvolvemento da investigación; abordouse tamén a solución a pequenos problemas relativos ao recoñecemento das actividades transversais ofertadas pola EDIUS como actividades do Programa de Formación e Innovación Docente da USC (PFID), etc.

4) XUNTANZAS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA EDIUS

O Comité de dirección da EDIUS, máximo órgano de goberno da Escola de Doutoramento, foi convocado durante o curso 2021/2022 nas datas seguintes:

- 3 de marzo de 2022
- 10 de marzo de 2022
- 5 de xullo de 2022

A Comisión de Calidade reuniuse nas seguintes datas:

- 1 de setembro de 2021
- 24 de setembro de 2021
- 5 de novembro de 2021
- 18 de novembro de 2021
- 1 de decembro de 2021
- 21 de xaneiro de 2022
- 14 de febreiro de 2022
- 28 de marzo de 2022
- 3 de maio de 2022
- 4 de xullo de 2022
- 7 de xullo de 2022

A Comisión Executiva da Escola, como órgano encargado de resolver as cuestións de trámite académico e administrativo, mantivo as seguintes xuntanzas:

- 6 de setembro de 2021
- 15 de setembro de 2021

- 30 de setembro de 2021
- 14 de outubro de 2021
- 28 de outubro de 2021
- 11 de novembro de 2021
- 24 de novembro de 2021
- 9 de decembro de 2021
- 21 de decembro de 2021
- 13 de xaneiro de 2022
- 26 de xaneiro de 2022
- 10 de febreiro de 2022
- 17 de febreiro de 2022
- 24 de febreiro de 2022
- 10 de marzo de 2022
- 24 de marzo de 2022
- 7 de abril de 2022
- 21 de abril de 2022
- 5 de maio de 2022
- 19 de maio de 2022
- 2 de xuño de 2022
- 16 de xuño de 2022
- 30 de xuño de 2022
- 7 de xullo de 2022
- 14 de xullo de 2022
- 28 de xullo de 2022

Finalmente, durante este curso fomentáronse as relacións entre a EDIUS e as sedes administrativas dos programas, en particular co persoal de apoio dos programas. A tal fin preparouse e púxose a súa disposición diverso material de apoio, co obxectivo de que os procesos básicos (admisión, matrícula, asignación de directores/as e titores/as) se efectúen do xeito máis eficiente.

5) CONFERENCIA DE DIRECTORES DE ESCUELAS DE DOCTORADO (CDED)

A Conferencia de Directores de Escolas de Doutoramento (CDED), creada en 2013, ten como obxectivo principal a mellora da calidade dos estudos de doutoramento, para o que promove diversas actividades cada ano. Á IX Conferencia anual que se celebrou na Universidade de Cádiz en setembro de 2021 asistiu telematicamente o Director da EDIUS. Tratáronse entre outros, temas como a ética na formación doutoral; a propiedade intelectual e propiedade industrial; boas prácticas na dirección e titorización do alumnado e prácticas saudables na formación do persoal investigador.

6) RELACIONES CON EMPRESAS

6.1 CONVOCATORIA AUTONÓMICA DE DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

As relacións coas empresas constitúen un ámbito de importancia crecente como consecuencia da función de transferencia á sociedade -propia dos estudos de doutoramento- mediante a formación de persoal investigador competente que poida incorporarse aos sistemas de I+D+i, algo que acontece cada vez máis fóra do mundo académico tradicional. A realización de doutoramentos industriais é unha excelente vía para fomentar as relacións coas empresas, para o que é preciso que o/a doutorando/a participe nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental nunha empresa ou Entidade Pública na que ten que estar contratado e coa que, a miúdo, hai que firmar un convenio.

Para dar cobertura a esta tipoloxía de tese, no DOG do 5 de outubro de 2021 publicouse a primeira convocatoria autonómica de doutoramento industriais por parte de GAIN. Nesta convocatoria convocáronse 15 axudas das cales 8 corresponderon á USC, 4 a Universidade de Vigo e 3 á Universidade de A Coruña, o que pon de manifesto o éxito da convocatoria na nosa institución e a súa conexión co tecido industrial galego.

7) OUTRAS

Cómpre salientar que a EDIUS converteuse en membro da *European University Association* (EUA), un foro onde se comparten boas prácticas por medio da participación en proxectos, eventos e outras actividades de aprendizaxe que involucran a máis de 850 universidades de 49 países europeos. A Asociación brinda oportunidades para dar forma ás políticas e iniciativas europeas que afectan á educación superior e á investigación. É de especial interese o foro que se establece na sección de doutoramento desta asociación ([EUA Council for Doctoral Education](#), EUZ-CDE).



VIII. PROCESOS ELECTORAIS

Polo que respecta aos procesos electorais, durante o curso 2021/22 non correspondeu convocar eleccións de representantes aos estudantes no Comité de Dirección da EDIUS, xa que teñen carácter bianual e as últimas celebradas foron o día 29 de abril de 2021.

IX. XESTIÓN DA CALIDADE

O Informe de Seguimento dos programas de doutoramento (IS), o Informe sobre a Calidade dos estudos de doutoramento (ICED) e o Plan Anual de Mellora (PAM) son os principais instrumentos do Sistema de Garantía Interna da Calidade dos programas de doutoramento da EDIUS e teñen como obxectivo a mellora continua da titulación, garantindo un nivel de calidade que facilite o seu seguimento e acreditación pola ACSUG. As enquisas de satisfacción son unha fonte importante para a elaboración destes informes que, pola súa banda, son a base para a proposta do PAM por parte dos programas de doutoramento.

Durante o curso 2021-22 a calidade dos estudos de doutoramento foi avaliada tanto de forma interna coma externa. Internamente, aplicáronse os seguintes instrumentos habituais:

- Enquisa ao alumnado do programa de doutoramento;
- Enquisa aos directores/as de tese;
- Enquisa ao Persoal de Administración e Servizos de apoio aos programas de doutoramento.

Ao estar en pleno proceso de acreditación a meirande parte dos programas de doutoramento ofertados na USC, neste curso académico non se realizaron os informes de seguimento de cada PD nin o Informe da Calidade dos Estudos de Doutoramento e dos seus diferentes programas (ICED); pero si o Plan anual de mellora do Programa de doutoramento (PAM), que foi incluído nos autoinformes de acreditación dos programas e/ou nos informes de alegacións aos informes das comisión de valoración do proceso de acreditación.

Ademais, os programas de Enxeñaría Química e Ambiental, Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias e o de Matemáticas recibiron a aprobación final das súas memorias de verificación como consecuencia das recomendacións dadas nos respectivos informes finais de acreditación.

1) RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Durante este curso académico continuouse coa avaliación externa dos programas de doutoramento para a renovación da súa acreditación. En concreto, realizáronse as visitas das comisións de avaliación da ACSUG a 24 programas de doutoramento. Durante o curso académico 2021/22 acadouse a renovación da acreditación de 19 programas de

doutoramento da USC, con 5 programas aínda pendentes da emisión dos seus respectivos informes.

- Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
- Ciencia de Materiais
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Comunicación e Información Contemporánea
- Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
- Epidemioloxía e Saúde Pública
- Estatística e Investigación Operativa
- Estudos da Literatura e da Cultura
- Estudos Ingleses Avanzados
- Estudos Medievais
- Filosofía
- Física nuclear e de partículas
- Historia, Xeografía e Historia da Arte
- Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
- Láser, Fotónica e Visión
- Lingüística
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicada
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Este resultado constitúe un éxito compartido dos programas e todos os seus actores: coordinacións, comisións académicas, alumnado, directores/as e titores/as.

2) MODIFICACIÓN DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Dos programas de doutoramento que recibiron a súa nova acreditación, 7 deles iniciaron o proceso de modificación da súa memoria de verificación para recoller os aspectos de obrigado cumprimento e as recomendacións establecidas polas respectivas comisión de avaliación. Estes programas foron:

- Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses
- Ciencias Odontolóxicas
- Comunicación e Información Contemporánea
- Economía e Empresa
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social.

Ademais, elaborouse un novo modelo de memoria de verificación para realizar os trámites anteriores, co obxecto de simplificar o traballo aos programas e consensuar os campos necesarios que deberán ser incluídos para a súa posterior publicación nas páxinas *web* de oferta de programas.

3) ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

As enquisas de satisfacción ao alumnado e profesorado dos programas, así coma a directores/as e titores/as, son un instrumento clave do sistema de calidade, aínda que a participación dos distintos colectivos é máis ben escasa, polo que ata o momento non se poden considerar como estatisticamente significativas. As enquisas para cada PD estarán proximamente dispoñibles nas páxinas propias de cada programa.

Paga a pena mencionar a este respecto que os datos, en termos xerais e a nivel de programa, mostran unha mellora progresiva na valoración dos estudos de doutoramento por parte de todos os colectivos. Polo que respecta ao alumnado, salienta especialmente a utilidade das estadías realizadas.

Tamén merece resaltarse a mellora notable na percepción dos resultados científicos obtidos polo alumnado, algo xeneralizado en todas as ramas de coñecemento. Isto suxire que os doutorandos/as cada vez publican máis e teñen unha participación máis activa en congresos, seminarios ou conferencias, aínda que existe un marxe de mellora neste aspecto. Tamén hai marxe de mellora en relación co desenvolvemento das teses. En todo caso obsérvase unha satisfacción xeral elevada do alumnado cos programas e coa Escola, aspectos nos que hai que incluír o traballo dos directores/as.

As respostas do profesorado dos programas, así como das persoas responsables da titorización e da dirección de teses, nas enquisas realizadas ata agora indican un paulatino crecemento da súa satisfacción respecto das cuestións organizativas propias dos estudos de doutoramento. A valoración da calidade da información dispoñible, da *web* da Escola, da xestión administrativa e das relacións coa EDIUS mellorou indicando que están a producir efecto todas as melloras introducidas neses ámbitos, o que é un estímulo para seguir traballando neles.

Algo semellante pode sinalarse en relación coa valoración das actividades formativas, cuxa importancia foi callando tamén entre os directores/as. Isto é moi positivo pola influencia que estes teñen para que o alumnado as curse e, deste xeito, mellore a súa competencia investigadora. Os directores/as son tamén conscientes da precariedade das axudas coas que conta o alumnado. Por último, resulta evidente que o profesorado dos programas (así coma os e as directoras e titoras) amosa un bo nivel de satisfacción co alumnado e cos programas no seu conxunto.

4) INFORMES DE CALIDADE E PLAN DE MELLORAS

A elaboración e aprobación do IS é responsabilidade da Comisión Académica do Programa de doutoramento (CAPD), consonte ao Procedemento PC-05 (análise de resultados e mellora dos programas), sendo a persoa coordinadora do PD a encargada de cumprimentar o informe no modelo achegado polo persoal da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP). Unha vez aprobado pola CAPD do PD e pola Comisión de Calidade da EDIUS publícanse directamente na *web* do PD. O informe consta de varios apartados editables para a reflexión e valoración dos indicadores. Poden introducirse os datos e consideracións que se estimen oportunos para unha mellor avaliación dos estudos. No curso 2021-22, ao estaren inmersos en pleno proceso de acreditación dunha grande parte dos PDs, o proceso de seguimento integrouse no propio proceso de acreditación dos PDs implicados neste. Para o resto dos PDs, ao estaren inmersos no proceso de posta en marcha das accións de obrigatorio cumprimento e recomendacións efectuadas polas comisións de acreditación tras pasar o devandito proceso, decidiuse adiar este seguimento institucional ao curso académico seguinte.

O ICED é o documento elaborado pola Comisión de Calidade da EDIUS e no que, a partir dos IS dos PD, se analiza e avalía a calidade dos estudos de doutoramento da USC. Inclúe, no seu caso, as valoracións e recomendacións que considere oportunas dirixidas ás CAPDs dos distintos programas de doutoramento. O ICED do curso 2021-22 está pendente de aprobación pola Comisión de Calidade da EDIUS. Unha vez aprobado, publicarase na páxina *web* da EDIUS.

En referencia ao Plan de Mellora, a persoa responsable da coordinación do programa de doutoramento elabóralo en paralelo ao IS e remite ambos os dous, segundo o calendario establecido, á Comisión de Calidade da EDIUS para a súa aprobación. Se esta Comisión observara deficiencias na calidade técnica do IS e o PAM podería solicitar á coordinación a subsanación das devanditas deficiencias. Unha vez aprobado este, será publicado automaticamente na *web* do PD. Como se comentou con anterioridade, o PAM foi integrado nos autoinformes de acreditación dos programas que pasaron este proceso no curso 2021/2022 e/ou nos informes de alegacións aos informes das comisións de valoración do proceso de acreditación.

1) EQUIPO DIRECTIVO DA EDIUS

O equipo de dirección da EDIUS está composto polo director/a, os subdirectores/as e a profesora secretaria, segundo establece o seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 24 de setembro de 2020, e os artigos 8, 9 e 13.

O director será designado polo Reitor e deberá ser un investigador de recoñecido prestixio de entre o Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago de Compostela, condición que virá avalada pola posesión de aló menos tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo co previsto no Real Decreto 1086/1989 de 28 de agosto.

Do mesmo xeito, a EDIUS contará con un secretario/a, nomeado polo Reitor a proposta do director/a, de entre o persoal docente e investigador ou o persoal funcionario de administración e servizos dos subgrupos A1 e A2 que preste servizos na EDIUS. Ademais, a EDIUS poderá contar con un ou máis subdirectores/as propostas pola persoa titular da dirección, logo do informe do Comité de Dirección, e nomeados polo reitor ou reitora, por un período de catro anos renovable sucesivamente, de entre o Persoal Docente e Investigador da Escola co título de doutora ou doutor con vinculación permanente á Universidade que reúna a condición de investigadora ou investigador de recoñecido prestixio. Esta última condición acreditarase xustificando ter dirixido ou co-dirixido como mínimo dúas teses de doutoramento e estar en posesión de polo menos dous períodos de actividade investigadora recoñecidos consonte ao Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto, ou, no caso de non resultar de aplicación este último criterio de avaliación, deberanse acreditar méritos equiparables ao sinalado.

A composición actual do equipo directivo da EDIUS é a seguinte:

Director: Prof. Pablo Taboada Antelo

Subdirectora de Artes e Humanidades: Prof. Dolores Vilavedra Fernández

Subdirector de Ciencias e Enxeñarías: Prof. Eugenio Vázquez Sentís

Subdirector de Ciencias da Saúde: Prof. José Manuel Cifuentes Martínez

Subdirector de Ciencias Sociais e Xurídicas: Prof. José Miguel Túñez López

Secretaria: Prof. Eva Rodil Rodríguez

2) EQUIPO ADMINISTRATIVO DA EDIUS

O equipo administrativo da EDIUS estrutúrase do seguinte xeito:

Xefatura de Sección: Carolina López Gómez

Técnico Superior de Xestión: María López Giménez

Xefatura de Negociado de Escolas de Doutoramento: María Esperanza Valero Fandiño

Xefatura de Negociado de Estudos de Doutoramento: Elvira Canosa Villar

ATI (Área de Formación EDIUS - Vista Alegre): María Teresa González Pastoriza

Posto base: Montserrat Mera Barreiro

Posto base: Margarita Aboal Somoza

Posto base: Alberto Lagarda Cerviño

Posto base: Luis Ramos Balsa

Hai que poñer de manifesto que o equipo administrativo da EDIUS non se atopa correctamente dimensionado para a carga de traballo e competencias que está a asumir. Por este motivo, o director da EDIUS presentou ante a Vicerreitora de Titulacións un plan estrutural das necesidades de recursos humanos e económicos da EDIUS así como unha modificación das súas competencias de cara a unha xestión máis eficaz dos estudos de doutoramento e os seus Programas.

3) COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDIUS

O Comité de Dirección é órgano colexiado de goberno da EDIUS. Segundo o art. 7.1 do seu Regulamento de Réxime Interno está composto por:

- A persoa titular da dirección da EDIUS, que o presidirá.
- A persoa titular da secretaría da EDIUS, que o será tamén do Comité de Dirección.
- As catro persoas titulares das subdireccións das seccións da EDIUS.
- As persoas coordinadoras dos programas de doutoramento adscritos á EDIUS. No caso de programas interuniversitarios de doutoramento, incluírse ás persoas coordinadoras dos mesmos na USC.
- Oito representantes do Persoal Docente e Investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, dous por cada sección, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento e programas de doutoramento diferentes.
- Unha representación do estudiantado de doutoramento matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, e que suporá o 25% do número total dos membros do Comité de Dirección. A súa distribución será en número semellante para cada sección, pertencendo preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.
- Un representante do Persoal de Administración e Servizos.
- Un máximo de catro representantes das entidades que colaboran coa USC nos seus estudos e programas de doutoramento a través de convenios.

4) COMISIÓN DE CALIDADE DA EDIUS

A Comisión de Calidade da EDIUS é o órgano encargado de velar pola calidade dos estudos de doutoramento na USC. As súas funcións e composición veñen determinadas polo Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, art.12, e estará composta por:

- A persoa titular da dirección da EDIUS, que a presidirá.
- A persoa titular da secretaría da Escola, que actuará tamén como secretaria da Comisión de Calidade.
- As persoas titulares das catro subdireccións da EDIUS.
- Oito persoas coordinadoras de programas de doutoramento, dous por cada sección da EDIUS, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.
- Catro estudantes de doutoramento matriculados nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, un pertencente a cada sección desta.
- Un representante do Persoal de Administración e Servizos.

5) COMISIÓN EXECUTIVA DA EDIUS

A Comisión Executiva da EDIUS encárgase de xestionar e resolver as cuestións e asuntos de trámite da Escola, e segundo o art. 10 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS está formada por:

- A persoa titular da dirección da EDIUS, que a presidirá.
- A persoa titular da secretaría da EDIUS, que actuará tamén como secretaria da Comisión Executiva.
- As persoas titulares das catro subdireccións da EDIUS.
- Os oito representantes do Persoal Docente e Investigador no Comité de Dirección da EDIUS.

6) COMISIÓN SECTORIAIS DA EDIUS


As comisións sectoriais da EDIUS encárganse de discutir, propoñer e elaborar todos os aspectos e cuestións relacionados coas especificidades propias dos diferentes grandes ámbitos de coñecemento. Segundo o art. 11 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS estará formada por:

- A persoa titular da dirección da EDIUS ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- A persoa titular da secretaría da EDIUS ou persoa en quen delegue, que o será tamén da secretaría das comisións sectoriais.
- A persoa titular da subdirección da sección correspondente.

- As persoas coordinadoras dos programas de doutoramento adscritos á sección correspondente.
- Dous representantes do estudiantado de doutoramento pertencentes ao Comité de Dirección da Escola e que pertencen ao ámbito de coñecemento da sección correspondente.

7) COORDINACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

As persoas encargadas da coordinación dos programas de doutoramento serán nomeadas polo Reitor ou Reitora para un período de catro anos renovable por unha soa vez, a proposta da Comisión Académica do Programa, entre o profesorado doutor que participe no programa e reúna as características exixidas polo artigo 8.4 do R.D. 99/2011 e o art. 21 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS. Se se tratase dun programa interuniversitario, o coordinador/a sería nomeado por acordo dos reitores ou reitoras das universidades participantes ou polo medio indicado no correspondente convenio de colaboración. (Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, art. 21.5). Os coordinadores/as presidirán a Comisión Académica e a representarán no ámbito de investigación ao que pertenza.



EDIUS

MEMORIA 2021



ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

